



✦ CICLO MULLERES: VISIÓNS MÁXICAS

**Beatriz Montes**  
Piano

2 novembro  
12,30 horas. Real Club Náutico de Vigo  
Entrada de balde até completar aforo

Nace en Madrid, onde estuda piano no Real Conservatorio Superior de Música. Posteriormente é admitida co número un da súa promoción no Conservatorio Nacional Superior de Música e Danza de París, onde obtén o 1º Premio del Ciclo Superior e Premio por unanimidade no Ciclo de Perfeccionamento; así como varios premios no Concurso Internacional de Piano de l'Île de France.

Estudou con Monique Deschausées e ten participado nas clases maxistrals de Jacques Rouvier, Vitaly Margulis, Alfred Brendel e Leon Fleischer, entre outros, e colaborou con directores como Marek Janowski e compositores como György Ligeti, Maurice Ohana, José Evangelista e Pierre Boulez, dos que interpreta parte da súa obra. Pero foi o encontro co pianista francés Jean-Philippe Collard o que máis repercutiu na súa carreira.

Participa activamente durante o curso 1999-2000 nos seminarios de postgrado especializados en repertorio contemporáneo, impartidos por Philip Mead e por Ian Pace no London College of Music e en importantes festivais nas máis prestixiosas salas londinenses. Merece destacar a súa interpretación das sonatas de Ives, Carter e Bartok e as súas actuacións no Festival de Saint Jean de Maurienne (Francia), interpretando a obra de Katchaturian.

Igualmente obtivo eloxios da crítica en recitais de música española e coas súas versións da obra de Brahms. Beatriz Montes é Doutora en Música pola Universidade de Tours (Francia), ademais de Licenciada en Tradución e Interpretación, e compaxina a actividade pianística coa investigación musical.

Obtivo en 1995 o Diploma Superior de Análise Musical da Escola Normal de Música de París co ensaio "Musique, littérature et religion dans l'oeuvre pour clavier de Manuel de Falla" e o Diploma Superior de Erudición do Conservatorio Nacional Superior de París, con mención de honor en paleografía musical, polo seu traballo sobre as cláusulas do manuscrito de Florencia Pluteus 29,1. Nesta especialidade realizou estudos de postgrado na Ecole Pratique des Hautes Etudes de Paris con Marie-Noël Colette.

Desde 1999 formou parte de dous grupos de investigación musical da Fundación Europea da Ciencia, do equipo de produción da cadea de emisoras francesas Radio Classique, e do Instituto do Patrimonio Musical Francés, no Centre National de la Recherche Scientifique, con sede en París.

É profesora da licenciatura e do doutorado de Historia e Ciencias da Música da Universidade Autónoma de Madrid dende o curso 2004 así como profesora invitada do Máster de Música Hispánica da Universidade de Salamanca, do Máster de Musicoterapia da Universidade Autónoma de Madrid e do Departamento de Música da Universidade de Rennes.

**PROGRAMA:**

- J. BRAHMS: Balada Op. 10, nº 1
- F. CHOPIN: Polonesa op. 26, nº 1  
Estudio Op. 10, nº 9
- I. ALBÉNIZ: Granada  
Tango  
Asturias
- M. ALBÉNIZ: Sonata en Re M
- A. SOLER: Sonata en Re M
- A. KATCHATURIAN: Toccata